

Gallástegui, na hora e na obra

Por

VALENTIN PAZ - ANDRADE

Abogado, Periodista e escritor

Separata del libro:

(HOMENAJE A CRUZ GALLASTEGUI UNAMUNO)

PONTEVEDRA, 1985. - *Excma. Diputación Provincial*

A ILUSTRACION NO TRASFONDO

A historia económica, ou mellor socio-económica, do país galego, ten perfies propios e ben tallados. Os que lle imprime, con cuño irrevocabel, o complexo da terra, do home e do mar. Tamén ten certa dinámica diferencial, que xenera unha funcionalidade carencial e impróspera.

Sin subestimar os esforzos xa feitos ou non rematados que entre nós se suceden, para atopar modelos de prosperidade axeitados a Galiza, a verdade é que aínda andamos a metade do camino. Como disciplina unitaria, aquela a que me estou referindo atópase a meio facer. Ou como diría un labrego na fala de Valdeorras, “anda no burullo”.¹

Non sucede tanto o que estou a decir, si se tratar da problemática de determinados sectores productivos como do conxunto, da unidade resultante, contemplada con visión de hoxe, post-marxiana e post-keinesiana. Compre engadir que a causa do valeiro non responde a falla de cultivadores galegos da ciencia de Adan Smith. Sempre os tuvemos. No tempo clásico e no noso tempo. E algúns abranguendo outras cotas de sabencia e autoridade na súa hora. Cecais o que teña fallado sexa outra cousa.

Quérome referir a conciencia nos forxadores da teoría, de que Galiza era unha nacionalidade potencialmente rica, con infraestruturas predispostas por Deus para a prosperidade, mais que vive

mergullada no subdesenvolvemento socio-económico. En permanente sangría demográfica e das demais forzas que soio poderían conseguir a reversión do éxodo como froito da reinversión no país.

Semellante pauliña viña de vello. Desde que o Reino de Galiza, no século XV, ficou... descoroado, desreinado, trocado en símbolo e saudade, vítima do disfavor das dinastías reinantes e dos seus validos e favoritas. O cambio da Edade Media a Moderna, aínda arrancando da atracada de Pinzón a Baiona, non acadou efectos impulsores inmediatos na sociedade galega, predestinada a recibilos.²

Tiña que chegar e chegou o século XVIII, alumeado pol-os resplandores da Ilustración. Non para que da noite a mañán a penuria social desaparecera. Mais para que ao menos na esfera da cultura, Galiza se incorporara pol-a súa conta a Europa da Enciclopedia, do pensamento e das ciencias modernas. Si todo o que lembro agora ven a conto é porque tanto Galiza como o País Vasco acolleron a salvadora chamada e se montaron na mesma avangarda.

Non foi un movemento de raíz institucional, que entre nós sempre anduveron a recú. Encarnouse en figuras senlleiras, como as de Feixóo, Sarmiento, Cornide, o Cura de Fruime, P. A. Sánchez, Labrada... E con valente singularidade no matemático de talla europea José Rodríguez González.³

Unha reacción paralela, no tempo e nos obxetivos se produxo en Euskadi. Xermolou nas provincias forales, a pleidade chamada dos "Caballeritos de Azcoitia", propulsores das "Sociedades Económicas de Amigos del País", e de canto avance cultural pudera asimilar a súa terra. De tan benfacente aristarquía partiu o primeiro enlace de cooperación, entre Vasconia e Galiza. Joseph Cornide, delfín gallego da Ilustración, no 1777, foi nomeado Socio de Mérito da Real Sociedad Vascongada. E nos anos a seguir a colaboración do noso primeiro ictiólogo con o sanedrín vascongado foi asidua.⁴

Despois de dous séculos un mozo de Vergara viría a pagar aquela divida simbólica. Falo, ben se adiviña, de Cruz Gallástegui Unamuno. A crónica da incorporación a sociedade galega do seu esforzo e o seu saber xa é conocida. Mais non é materia esgotada. Tanto as horas que o home viviu, como a obra que nos legou son un patrimonio de Galiza. Non somente inspirador de pleitesía a sua memoria. Terá de acadar unha presenza constante nas nosas arelas como país chamado a conquistar algún día aquela prosperidade con que sempre sonou e que aínda non se fixo realidade.

O PROCESO DA ASUNCION TECNOLOXICA

A incorporación da ciencia a sociedade, aínda sin ser ésta primitiva, senón somente tradicional, sempre provocou loita. Ten custado moitos anos e non poucos mártires. Galiza non sería excepción a regra, como o non foran mais progresistas nacionalidades. A batalla contra a viscosidade social da rutina foi preciso arrostrala até nos povos que rematarían poñéndose en primeira fía da revolución industrial.

Curiosamente na nosa Terra, a resistencia as correntes renovadoras, foron alentadas pol-a élite, denantes que pol-a masa. No século XVIII, duas testas esclarecidas, as de Sarmiento e Cornide, axudaron a protesta contra a migración dos fomentadores cataláns. Non chegarían a decatarse que os de Blanes, Vilanova et Geltrú, Mataró, etc., traguían o seu mensaxe multiplicador de progreso económico. O que na sociedades post-meioeval da beiramar galega, determinou o alborecer da era industrial. Tanto na pesca, gremial aínda, como nas técnicas de conservación dos productos e a obtención de subproductos e coproductos de procedencia mariña. Eles foron os introdutores do candil de saín para o alumado doméstico, e do “bou” e da combatida “xabega” nos artes; da “parella” nos equipos de

captura, e, a sua hora, do envasado hermético ao “estilo de Nantes” que deriva da invención de Nicolás Appert.

Nos anos da segunda metade do século XVIII Antonio Raimundo Ibáñez funda en Cervo o seu grande complexo fabril. Desde que os primeiros obradores industriaes toman corpo, a hostilidade desatouse contra o clarividente promotor. Chega a fundar alí os primeiros Altos Fornos de España, ademáis da famosa cerámica de Sargadelos, e de apadriñar outras moitas creacións encamiñadas ao progreso social de Galiza. Acaba asesinado pol-a moitedume en 1808, falsamente acusado de se entender con os franceses.

Non fai falla poñer mais exemplos. Somentemente lembraréi que, cando no ano 1960, unha empresa se propuxo renovar o sistema pesqueiro introducindo barcos conxeladores, arrastreiros por popa, e factoría a bordo, etc., os créditos que o Estado viña repartindo a mans cheas para construír buques anticuados, foron denegados a firma innovadora.

Con semellantes antecedentes, o mensaxe de Cruz Gallástegi en Galiza, non era para inspirar optimismo, en canto a súa asimilación pol-a sociedade rural gallega. Pudo acadar maior axuda oficial e máis interiorización no meio social a reconvertir. A primeira foi curta. En canto a segunda, a estrutura da aldea galega tiña que entrar máis ou menos simultaneamente nun proceso de reconversión interna i externa. Unha remodelación que escomenzara pol-a vivenda rural, a escola, a reagrupación parcelaria, a sanidade pública, a vialidade, os transportes... Conxunto de reformas que até agora non foi abordado e no que necesario sería hoxe máis que nunca dar impulso a recuperación de baldíos e a transformación de ermos e xunqueiras en terras de laboura

NASCIMENTO E FORMATURA CIENTIFICA

As raíces do home eran vascas. Fondas raíces, de freba rexa e sufridora, xermoladas en terra foral, grávida de recursos non renovables, mais predispostos para alimentar de seguido o proceso de industrialización e adiantarse a outras na formación de capital.

País montado a dúas vertentes, sobre o espiñazo pirenaico, inzado por unha humanidade fortemente diferenciada. Amante do seu chan, do seu verbo, do seu canto..., que alterna a entrega ao traballo, con seu amor aos leceres da xanta e a danza. E también con ese admirabel estoicismo con que contempla como se derrama do seu propio costado o sangue de Abel.

De Cruz Gallástegui Unamuno o berce mexeuse en Vergara. Unha vila de aquela non grandeira en aforo, encartada na ladeira cispirenaica de Guipúzcoa. Na rua Barrenkale, 22, moraban os proxenitores, D. Santos Gallástegui Aramburu e D.^a Eugenia Unamuno, parenta do Rector salmanticense.

No arrabaldo, don Santos era dono de unha horta, cultivada pol-as suas mans. Alguén que foi seu amigo, calificóuno de “*expertísimo horticultor*”. Non sería outra a imaxen vocacional que o fillo asumíu *ex ante*.

Aquela Vergara xa tiña sona nos “Episodios” galdosianos. No 1839 acollera no seu colo o fin de Primeira Guerra Civil. Alí se deron a fráxil, mais pregoada aperta Espartero e Maroto. Cecais éste fora o primeiro recordo bélico que avalóu a memoria do rapazolo. Mais también chegaría a adequirir no cedo, a tradición cultural do Seminario seglar de Vergara, lucidora no reinado de Carlos III. Cando as suas aulas se abriran a grandes científicos galos, como Chavaneaux e Luis Proust.⁵

Aquela era unha gloria esmorecida, cando viu ao mundo, no

1891, Cruz Anxo. No meio tempo corrido, a leenda do pacifismo vergariano periclitara, por teimoso reciclaxe nos “amenos isabelinos”. O nascimento caíra no día da Cruz de Mayo. Nome que resultaría ben escollido neste caso, para a primeira e segismundina aventura do nascer.

Recibeu alfabetización e primeiro ensiño na mesma vila, no Colexio dos Dominicos. Cando chegou aos dez anos, abríronselle as aulas do Instituto de Bilbao. Todo correría ben e ao seu tempo colleitaria o primeiro título, o de bacharel en artes, dado pol-a Universidade de Burgos. O centralismo tamén chegaba ao burocratismo docente.

Cando don Santos tuvo ao graduado na casa, xa lle tiña predisposta a segunda singladura. Ao rematar o vran do mesmo ano mandou ao fillo a Limoges, no Midi francés. Alí conservaba un vello amigo, granxeiro e cecais tamén vasco, si ben francés ruraloide, de faltriqueira estreñida.

Ademitu ao mozo do sur con ánimo acolledor. Asignoulle unha paga de peón do agro para traballar no seu. Alí pasou dous anos, que non serían en vougo. Alternando podas, abonados, inxertos..., coidadosos mais rotinarios, chegou a dominar o francés e a se iniciar no inglés. ⁶

Da Francia republicana pasou logo a Alemania de Guillermo II. Matriculouse na Real Escola de Agronomía de Hohenheim, perto de Stuttgart, a capital do Wurtemberg. Non ben chegou trabaría amizade con outro estudante, o galego Luis López Suárez. Unha relación que poucos anos despois decidiría o seu destiño na vida e na ciencia. Aos catro anos rematou a carreira, obtendo o título en España equivalente ao de Inxeniero Agrónomo. Eran horas de traxedia. Pouco despois os cañóns do Marne escomenzarían a tronar. No medio tempo Gallastegui fixo un curso de poucos meses na Escola de Leitaria de Wangen.

E retornóu a Vergara, con o seu flamante título, dominando también o alemán. E algo mais. Aquela entrañabel amizade con Luis López Suárez, ao que prometera ir a Galiza, denantes de tomar decisión sobre o seu futuro profesional. Gallástegui andaba na idade militar prorrogando a incorporación a fias, e cumplíu o servicio no Reximento de Artillería de Costa, destacado en San Sebastián.

O ABADE MENDEL, PAI DA GENETICA

No mesmo século con 69 anos de dianteira a Gallástegui (1822), nascera George Johan Mendel. Viñera ao mundo na vella Moravia, que mais tarde sería anexada a Checoeslovaquia. Fogar o seu de labregos católicos pouco folgados de facenda. O fillo fixo a carreira eclesiástica, ao mesmo tempo que lle tomaba querencia a botánica.⁷ Tempo despois, xunto a Charles Darwin, chegaría a se consagrar como fundador da bioloxía científica. E dentro da nova disciplina... de outra mais adiantada aínda: a genética. Aquela da que Gallástegui chegaría despois a ser pioneiro en España.

De Mendel estase agora a conmemorar en todo o mundo culto o Centenario da sua morte. Dos cuasi setenta anos que vivíu, os corenta e catro primeiros transcurriron na indiferencia. Como frade da Orden dos Agostiños chegaría a Abade Mitrado, mais con grande door do sabio, nas experiencias botánicas que desde mozo viña facendo, ningún lle daba creto.

No 1865, cando xa cumprira os 43 anos, publicóu n-unha revista científica en Moravia, un artículo con título revelador: "Investigaciones sobre Híbridos vegetales". Xa adiantaba alí os principios básicos da sua revolucionaria teoría, a base das experiencias que viña facendo con cruces de plantas de ervillas, chícharos ou en castelán guisantes.⁸

Tampouco aquél traballo foi apreciado pol-os homes de ciencia

da época. Acedamente desenganado, no seu retiro abacial, pouco antes de morrer, Mendel deixou unha declaración pública con valor de testamento: “Estou convencido de que sin pasar moito tempo o mundo enteiro reconocerá a miña laboura”. Non dixo mais.

Ainda pasarían dezasis anos calados. Nos albores do século XX, o veo que viña encubriendo a figura e a obra de Mendel, foi descorrido. E nada menos que con pulo de tres autorizadas mans a un tempo. A do holandés HUGO DE VRIES, a do austríaco ENRIC VON IGCHERMAK e a do xermánico CARL CORREUS. Sin denantes eles se pór de acordo, coincidindo no tempo, os novos sabios redescubriron as teorías do frade moravo, sobre o mecanismo da transmisión de caracteres biolóxicos e as técnicas de os mellorar a través do inxerto. Con o respaldo da súa autoridade lanzaron o que en diante se chamaría mendelismo, en honra ao seu esquecido inventor.

O descubrimento de outra ciencia fundamental, a dos gens, propagóuse ao mundo culto. Maiormente a os países prósperos e desfanatizados, que fundaran grandes Universidades e Institutos de Investigación. E consignaban nos presupostos de cada ano volumosas partidas para soste centros e equipos enteiramente adicados a descuberta de novas verdades e a construción de novas técnicas. Concedéndolle prioridade as ponlas da produción de bens que pudeseran acompañar, ao crecemento das pirámides demográficas do universo, a dispoñibilidade global de alimentos. Unha filosofía que chegaría ao maior degráu de desenvolvemento despois da Segunda Guerra Mundial e que foi consagrada no Carta de San Francisco.⁹

DA AMERICA VEN A LUZ

Compre agora retomar o fío biográfico. Ficou tronzado no intre en que Cruz Gallástegui é licenciado do servizo militar. Emprinde, con Luis López Suárez, o primeiro viaxe a Galiza. Unha terra que, para súa imaxinación de mozo tiña mais de leenda que de realidade.

Fan curta escada en Lugo, para seguir a Escairón, no sul da provincia e aloxarse en Lamaquebrada, también conocida por Granxa de Argeriz. Alí os agardaba o xa Doctor en Medicina don Juan López Suárez, irmao mais vello de aquele. Persoalmente aínda non conocera a Gallástegui. Espírito espelido, de grande poder insinuativo, intere-souse desde o primeiro intre pol-o porvir profesional do vasco. Cecais o primeiro que valorou foi a formación agronómica do novo Inxe-nieiro e os froitos que n-unha terra como Galicia tiña de render.

O Dr. López Suárez, na bisbarra de Lemos era D. Johan de Forcados. Pode que o sobrenome teña algunha xustificación local. Foi home desde novo incorporado aos anxeios de mellora social da sua terra. Casou en Madrid con MARIANA CASTILLEJOS e tamén éste accidente civil, foi na sua obra mais sustantivo que adxetivo. A dona era filla do Dr. D. José Castillejo, Director da Xunta de Ampliación de Estudios, filial da Institución Libre de Enseñanza que fundara Giner de los Ríos.

Deixándo a Gallástegui con Luis, en Lamaquebrada, no outono de aquele ano, don Johan emprendeu a viaxe a Norteamérica, que xa tiña predisposta. Seu intuio era facer un curso de especialista en medicina da nutrición, no Instituto Rockefeller, en New York. Conocendo a don Johan de Forcados, adiviñase que logo se faría conocido no novo medio científico. E que por pouco aberto que fora non gardaría segredos para un esprito tan alertado como o d-il. E tan animoso.

A bioloxía estaba no candieiro. E dentro da nova ciencia esco-menzarase a se formar outra: a genética. O mensaxe dos mendelianos da vella Europa fora recollido. As experiencias que escomenzaran con os chícharos agora facíanse con o millo, cereal mítico de América, que en Galiza aínda era o pan dos labrgos e dos pobres esmoleiros.

Don Johan non quixo saber mais. Escribiu a Gallástegui para que, sin perda de tempo solicitara unha bolsa de viaxe da Junta, e se trasladara a Manhatan.

GENETISTAS DE NORTEAMERICA

Cando Gallástegui dóu por rematada súa primeira estada en Galiza, emprendera outro viaxe por Europa. Visitou Dinamarca, Noruega e Suecia, onde a agricultura de grupo e as cooperativas gandeiras, adquiriran auxe descollante. Foi ao retorno da curta xeira cando se atopou con os apremiantes mensaxes do Dr. López Suárez.

De aquela a Junta de Ampliación de Estudios estaba presidida por D. SANTIAGO RAMON Y CAJAL. Acolléu a solicitude con simpatía, e foi tramitada sen demora. Denantes de que se resolvera, Gallástegui tomou pasaxe rumbo a New York.

Para conocer os primeiros pasos e contactos de Gallástegui na metrópoli do Hudson, e no país do que é arteria, dispoñemos de testemuño directo. O mesmo Dr. López Suárez:

“Gallástegui chegou a New York a últimos de 1917. Empleó dos meses en aprender algún inglés, y luego visitamos al Prof MORGAN, de la Columbia University, el más grande y famoso genetista del mundo en aquella fecha, quien nos dijo que el hombre de más valía en genética aplicada a la agricultura —animales y plantas— era EAST, de la Universidad de Harward, para quien nos dio una presentación. Nos fuimos a Harward, y después de una larga conversación en alemán, East dijo a Gallástegui: —Usted se queda aquí ahora, después ya veremos lo que se hace.”¹⁰

Os avances seguintes no camiño da especialización non tardarían en vir. Agora da genética —*in genere*— o proceso de formación

especializada fase orientar a unha especie básica. O mesmo relator engade:

“En la primavera siguiente East mandó a Gallástegui, con su discípulo JONES, que en la Connecticut Agricultural Experimental Station, de New Haven, aplicaba la ciencia genética en varias plantas, especialmente en maíz, produciendo los primeros famosos híbridos que transformaron el cultivo de esta planta, en cuya labor fue Gallástegui principal colaborador durante tres anos.”¹⁰

O GRAN SAGRADO DOS MAIAS

Os anos de estreita colaboración con o Prof. Jones, completaron e consolidaron a formación do novo mestre español da genética. Despois de longa etapa en New Haven fixo outra, mais curta, na Cornell University, de Ithaca (N. Y.), adscrito ao Departamento de Mefflora Vegetal. A nova xeira corréu no ano 1919, cando xa matínaba no retorno a patria vasca.

En setembro do mesmo ano recibíu de Madrid unha nova inagardada. A de se xuntar como Vocal a Delegación oficial que asistiría a I Conferencia Internacional do Traballo, convocada para Washington. Da tal embaixada fora nomeado Presidente o Ex-ministro Vizconde de Eza. Gallástegui foi designado Secretario. Nos mesmos días dera a publicidade o que pódese considerar como primeira monografía científica: *Some factor relations in maize with reference to linhaje*. Aparecéu na Revista “The American Naturalist”.¹¹

Denantes de que o ano rematara, dou por esgotada sua campaña en Norteamérica. Tomóu pasaxe para Veracruz. Pol-a estrada que faldea o Orizaba, rubíu a Puebla e Cibdade de México. Facía moitos anos que de Vergara tiña emigrado a capital azteca, un irmán mais novo de D. Santos Gallástegui. O tío Teodoro, ademais, era dono

dunha granxa no Distrito Federal, como calquer encomendeiro dos tempos da colonia.

Terras de labradío no outono salferidas das medas de pés de millo, que conocera en Galiza con o nome de “palleiros”.

E lóxico supoñer que se atopara alí como peixe na auga. O millo é a “clásica planta base americana de gran antigüedad en el Nuevo Mundo”, escribiu Thor Heyerdahl.¹² O cereal semi-sagrado que Linneo bautizara con dúas verbas: *Zea Mais*, cando en azteca desde moito antes xa tiña outro nome: *Milpa*.

O norteamericano Dr. Silvanus G. Mosley, ao estudar a influencia do millo na súa obra fundamental *The Ancient Maya*, reconece:

“Todos nuestros botánicos están de acuerdo en creer que el alto grado de civilización del Nuevo Mundo se alcanzó primero en relación con el cultivo del maíz, que era el pan de cada día del indio americano en tiempos precolombinos y continúa siéndolo para la gran mayoría de nuestros compañeros americanos que viven al Sur de los Estados Unidos.”¹³

A verdade e que aínda nos nosos días o millo, maiormente a milpa dos maias e dos aztecas, e moito mais que o pan. E a primeira materia da maioría dos platos da cociña indíxena, do aceite chamado en Norteamérica *Mazola*, e até do viño que algunhas bisbarras obteñen. Nunca do noroeste mexicano, por onde caía Nova Galicia, chamada Tepic, tuven en lonxano día oportunidade de probar o viño feito do totémico gran. Bebida que supoño predilecta de Amado Nervo, que alí nacéu e se crióu.

Cando a primavera do 1921 estalaba nos agros tropicales, Gallástegui collía rumbo a España. Baixaba de novo a Veracruz, para tomar un barco da Trasatlántica que o conduciría a Coruña.

Unha tarde, a seguinte ao día do desembarco, tomou o tren para Venta de Baños, a empalmar con o de Irún. Mais non sempre as cousas se poñen ao xeito que ún as pensa.

Algunha vez... pónense mellor.

FUNDACION DA MISION BIOLOXICA DE GALICIA

O Dr. López Suárez adiantárase a Gallástegui no retorno a España. Non voltara a estar perto do amigo desde que éste escomenzara a traballar con o Prof. Jones, en New Haven. Tampouco se asentou na súa quinta luguesa. Fixou o fogar en Madrid, onde abriu consultorio como especialista en medicina da nutrición.

As obrigas do facultativo, non trabaron o seu dinamismo promocional, en favor dos valores e os intereses da súa terra. Mais ben reactivarían a función de padriño que viña asumindo, diante da Junta de Ampliación de Estudios. A cal de novo entraría en escea, nos termos que a súa pluma también conta:

“En 1920 esta Junta acordó extender a provincias la labor de investigación que se venía realizando en diversos centros y laboratorios de Madrid, y publicó un concurso invitando a entidades oficiales y privadas a una cooperación en ese sentido.”

O fidalgo de Escairón debéu cair axiña na conta de que a ocasión pintan-a calva. E puxo toda a carne no asadeiro para que a oportunidade fructificara na horta propia:

“A mí me pareció, sigue contando, una excelente oportunidad para la creación en Santiago de un centro de biología aplicada a la agricultura, que dirigiría Gallástegui, y gestioné que la Sociedad Económica de Amigos del País solicitase esa cooperación. Con la buena disposición de los

Sres. Rivero de Aguilar, Jacobo Díaz de Rábago, Augusto Bacariza... y sobre todo la entusiasta ayuda del sabio Abelardo Gallego..., la S. E. ofreció a la Junta para Ampliación de Estudios, cooperación para la creación de un Laboratorio de Investigaciones Biológicas aplicadas a la Agricultura en la Escuela de Veterinaria.”

Despois de poñer en andamento tan prometedora proposta, don Johan tomou o tren de volta a Madrid. Aínda non tiña noticia do retorno de Gallástegui. Sin que ningún dos dous o sospeitara atopáronse no entroncamento de Monforte, onde se xuntaban o tren de Santiago e Vigo, con o que baixaba da Coruña.

O demáis ben doadamente se adiviña. Gallástegui xunto con o amigo entrañábel seguiu a Madrid, para visitar a Junta e aceptar a dirección da nova Institución.

Días despois, en carta de 10 de maio de 1921, D. Santiago Ramón y Cajal comunicaba ao Dr. López Suárez a boa nova. Creábase a Misión Biológica de Galicia, en Santiago, a instalar na Escola de Veterinaria e “campus” anexo.

Nomeábase Director ao Inxenheiro Cruz Gallástegui. E poñíase o novo centro baixo a supervisión de un Comité Directivo composto por D. José Rivero de Aguilar como Presidente da Sociedade Económica de Amigos del País, D. Rafael Areses, xefe do Distrito Forestal de Pontevedra, o Prof. Veterinario D. Juan Rof Codina e o Dr. Juan López Suárez.

Gallástegui da comenzo a súa laboura, sin outro persoal que un axudante as súas ordens. Traballa esforzadamente, dobrando a actividade profesional con a carreira de Veterinario que sigue por libre. No curso de 1923 conquire o título. No ano seguinte o coengo e musicólogo D. Santiago Tafall bóttalle a beizón nupcial con Elisa Fraiz Vázquez, de enxebre linaxe compostelán.

Do 1926 datan tres novas monografías que editou en Madrid. Somenta a lectura dos títulos denuncia como o investigador iba ensanchando o abano das suas pescudas. Unha versaba sobre os cromosomas das cédulas sexuais na teoría das mutacións de De Vries, apóstol neerlandés do mendelismo como xa sabemos. Outra estudaba a “Técnica da hibridación artificial dos castaños”. E a outra pasando xa ao reino animal trataba do “Herdo mendelian nas capas do cabalo”.

A MISION EN SALCEDO

Gallástegui chegaría a obter en Santiago os híbridos do millo. Os primeiros logrados en Europa. Tamén fixo experimentos contra o andacio da tinta dos castiñeiros, a base de cruces con os do Japón. Foron os seus iniciais trunfos, que na esfera oficial non todos adimiron de contado. Foi despois de algunhas visitas de prohombres de borla e muceta a Misión, que se resolvéu incorporar a genética como asignatura na Escola de Agrónomos da Moncloa.

Nos primeiros tempos do réxime de Primo de Rivera, da noite para a mañán decretouse a suspensión da Escola de Veterinaria de Santiago. Ninguén se mexeu en defensa de una Institución tan encaixada na estrutura agro-gandeira do país. O edificio, que databa dos tempos de Montero Ríos, foi adicado a Cuartel de Artillería. Unha orden que supoñía o desahucio da Misión, no intre en que escomenzaba a render froitos.

O risco de que a institución desaparecera, abalou certas esferas do país. Produxose unha reacción defensiva, principalmente nos núcleos do galeguismo. Por esta vía ou por outra confluente nos fins, o desacougo chegou a conocimiento de D. Daniel de la Sota Valdecilla. Fora investido pol-a Dictadura con a Presidencia da Diputación de Pontevedra. Viñalle dando ao cargo un ar reactivador, ben distinto

ao estilo tradicional nos detentadores do mesmo. Tiña en andamento un programa de reforestación dos montes en man común. Ben podía acompañalo outro encamiñado a mellora tecnolóxica do mesmo sector.

Este home con nome de Profeta, viñeira da montana cántabra. Por vía nupcial afincarase en Pontevedra. Cando conocéu o risco en que a Misión viña envolta mandóu chamar a Gallástegui. Despois da entrevista na historia da Misión entraba o terceiro home. La Sota. Ofrecéu instalal-a provisionalmente na finca da Tablada, ao pé da cidade. Alí foi logo disposta a trasega do instrumental de laboratorio, a biblioteca, o arquivo... Ofrecéuse tamén unha leira para os experimentos do campo. Aló o Director redactóu outra monografía didáctica, sobre "Métodos para aumentar a produción do millo", que se difundiu no rural.

Aos poucos meses a Diputación adquiríu, aos herdeiros de Becerra Armesto, o Pazo e Granxa de Gandarón, de dez hectáreas, na parroquia de Salcedo, dentro do termo municipal de Pontevedra. Alí pasou a se instalar a Misión con folgura e dignidade. Menos na disponibilidad de medios financeiros. As consignacións para persoal e material no principio non pasaba de 12.000 pesetas ao ano. Sendo Ministro de Agricultura o Conde de Guadalhorce concedeuulle 40.000 mais tamén ao ano.

Sobre os merecimentos de Gallástegui, os xuízos loubatorios sempre foron unánimes. Para obter una apreciación ponderada e global da súa tarefa escoitemos a López Suárez outra vez:

"La labor de Gallástegui en la Misión trascendió por toda España y Portugal. Después de su advertencia de que en los concursos de ganado no se podía premiar por la estampa, sino por la herencia, se corrigió el error que venía cometiéndose en todos los concursos de la nación."¹⁰

A da ciencia contra a rutina fora unha loita que Galiza xa tiña precursores. Baixo este prisma Gallástegui seguíu, sin os asumir deliberadamente, os exemplos de Feixóo, Sarmiento, Rodríguez González, Cornide e outros ilustrados do século das luces.

O AMBITO SOCIAL DA OBRA

Ao longo dos anos vinte, cando a Misión Biolóxica se puxo en andamento, un oitenta por cento da poboación galega, viña adscrita ao sector primario. De semellante porcentaxe global, mais ou menos un setenta correspondía ao subsector agrario. A renda por habitante en Galiza, era —e sigue sendo— das mais baixas da España.

No fondo de cadro tan inqueda, o papel a xogar pol-a nova Institución non podía vir mellor centrado. Respondía a boas razóns de prioridade, económica como social. Propoñíase mellorar a sorte da clase maioritaria en densidade e mais deprimida en ingresos. Sobranceiramente, a mais desfalcada de recursos humanos, pol-a sangría constante da emigración.

A reforma a promover, na sociedade tradicional, non tiña nada de utópica. Pol-o contrario, cinguíase as necesidades da masa mais sofrida e traballadora. A que vive do millo, a pataca, o castiñeiro, o porco, a vaca e demais compoñentes da renda familiar no noso mundo rural.

Os fundadores da Misión non eran homes de pensar na revolución social, como remedio a tan aborrecente situación. Mais provocaron ao seu xeito outra revolución que supoñían de mais seguros froitos. A revolución agro-tecnolóxica, de que Gallástegui foi protagonista. O segredo atopabase en sacar da mesma terra e sin maiores custos un volumen multiplicado de produción.

“La primera labor de la Misión —escribió Rof Codina— versó en demostrar que las 200.000 hectáreas destinadas a

cultivo del maíz que rendían aun en año de óptima cosecha unas 280.000 tons. de grano... con el empleo de semillas seleccionadas y mejorando el sistema de cultivo tradicional, podía aumentarse la producción maicera en un 70%.”¹⁴

A batalla do mainzo foi a primeira que o abandeirado do pendón verde, reproducido en tantas fotografías con macro-espigas nas mans, acometeu. Persoalmente, a corpo limpo, vencendo a incredulidade de moitos. E despois con axuda do Sindicato de Semillas, que fundaría como órgano anexo a Misión. E non samente para o que se chamaría pol-os cultivadores “millo da Misión”. Tamén para a pataca “de semente” pristina; o castiñeiro inmunizado, do que se chegarían a obter renovos con raiceira para alcoube ou plantación directa no monte, etc.

Non coido necesario especificar máis, para que nos decatemos da transcendencia socio-económica, que a laboura de Gallástegui temos de lle reconocer. Con independencia, ben se comprende, da executoria científica qu ao mesmo tempo labraba.

A MISION COMO ESCOLA

E merecente de ser subliñada outra faceta da personalidade de Gallástegui. A do mestre que fai escola. A transmisión duradeira do saber e do exemplo, e súa reencarnación nos epígonos, non tiña tradición no proceso de formación da cultura galega.

Nin o P. Feixóo, nin Sarmiento, nin Cornide, nin outros valores preclaros do século das luces que en Galiza brilaron, deixaron continuadores reconecidos como tales da súa obra. Somenta pode se reconocer unha excepción. A do matemático de Bermés (Lalín), José Rodríguez González, que foi mestre de Domingo Fontán e Luis Pose. Os dous alumnos do primeiro na Universidade de Santiago, de Matemáticas sublimes. A até, como o gran precursor, diputados a Cortes.

A primeira xeración de discípulos de Gallástegui, pódese reconecer que sería encabezada por outro, tamén agrónomo, Miguel Odriozola Pietas. Foi cecais o de máis longa convivencia con o Mestre, do que chegaría a ser súa man dereita. Primeiro nome ao que se teñen de sumar outros, como os de Fernández Quintanilla, Vicente Boceta, Ernesto Vieitez Cortizo. Foron continuadores da obra de Gallástegui, maiormente o último, nos experimentos de hibridación, e da súa propagación ao campo galego.

Volvendo a Miguel Odriozola, non sería xusto esquecer que contribuíu froitosamente a diversificar os programas da Misión. Débeselle en degráu sobranceiro a obra de mellora do gando porcino impartida pol-a Misión. Singularmente a introducción no rural galego, da que se tiña por super-raza de cochos, a británica *Large-White*. Non sómente a introduxo no país galego, fundando na Granxa de Salcedo unha famosa cochiqueira semental. Tamén se lle debe a laboura de irradiación da experiencia ao resto de España.

A sombra fecunda de Gallástegui tamén se formaron dous especialistas vigueses, Xosé Luis e Carlos Blanco González. No seo da Misión conseguiron unha nova variedade, a dos millos de cano zucrado. Grande conqurimento científico que os promocionaría a outros postos da investigación, en países masivamente cerealeiros, como a Arxentina.

E para non deixar a relación incompleta compre engadir algún outro nome. O de Antonio Odriozola Pietas, que organizou a sistematización dos fondos da biblioteca da Misión, con experta man benedictina. E aínda compre lembrar a D. Santos Gallástegui Aramburo, o calado horticultor de Vergara, que pasaría os derradeiros anos, da súa vocación de fruticultor e horticultor, cecais con ollos asombrados pol-o milagre de cada día. O que a ciencia por il insospitada dos cromosomas e dos gens desveaba diante dos seus ollos xa cansos.

NOTAS

- 1) En mantillas.
- 2) Valentín PAZ-ANDRADE, *La Sociedad y la Economía*, no libro Los Gallegos, Ediciones Istmo, Madrid, 1976.
- 3) José RODRÍGUEZ MOURELO, *Historia, progresos y estado actual de las ciencias naturales en España*, Rodríguez González, en "La España del Siglo XIX", Librería San Martín, Madrid, 1886, 22 conferencia.
- 4) Valentín PAZ-ANDRADE, Estudio preliminar, a "Ensayo sobre una historia de los peces y otras producciones marinas de Galicia", Ed. facs., Editorial do Castro, a Coruña, 1983.
- 5) José RODRÍGUEZ MOURELO, ob. cit., 23 conferencia.
- 6) Antonio ODRIOZOLA, *Don Cruz Gallástegui Unamuno*, en "Revista de Economía de Galicia", números 25-30, Vigo, 1962.
- 7) Carlos CASTRODEZA, *Gregor Johann Medel: Clérigo notable en la Moravia decimonónica*, en Revista de Occidente, núm. 32, Madrid, 1984.
- 8) Carlos LÓPEZ FANJUL, *La flexibilidad de la herencia biológica*, en *íd.*, *íd.*
- 9) Las Naciones Unidas, *Orígenes, Organización Actividades*, 3.^a ed., Nueva York, 1969.
- 10) Dr. J. LÓPEZ SUÁREZ, *Don Cruz Gallástegui, modelo de hombre sabio, bueno y eficiente*, en "Revista de Economía de Galicia", núm. cit.
- 11) Reprinted from The American Naturalist, v. 54, New York.
- 12) Thor HEYERDAHL, *Aku-Aku*, Editorial Juventud, Barcelona, 1983.
- 13) Sylvanus G. MOSLEY, *La Civilización Maya*, Fondo de Cultural Económica, México, 1953.
- 14) Juan ROF CORDINA, *Eficacia en la economía de Galicia por la actuación de Cruz Gallástegui*, en Revista de Economía de Galicia, núm. cit.